

ESQUEMA DE TRABALLO DE LINGUA GALEGA 6º CURSO DE PRIMARIA

EQUIPO DOCENTE DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

**Materiais**

- Libro dixital EVA – Edixgal
- Aula dixital EVA - Edixgal
- Materiais de escritura do centro
- Caderno de traballo
- Outros materiais de traballo e reforzo impresos e informáticos

**Plan de traballo**

Os contidos están repartidos en unidades didácticas e tarefas integradas. Trabállanse a partir de textos de distinto tipo: linguaxe de uso (avisos, carteis, instancias, solicitudes, enquisas, receitas, cartas...); textos descritivos; textos narrativos; textos expositivos; textos poéticos. Estes textos extraírense dos materiais antes enumerados.

Con carácter xeral, a distribución do traballo será a seguinte:

Todos os días establecerase un momento para a lectura. No resto das sesións traballarase:

- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Escritura.
- Vocabulario.
- Morfosintaxe.

CONTIDOS POR TRIMESTRES		
PRIMEIRO TRIMESTRE	SEGUNDO TRIMESTRE	TERCEIRO TRIMESTRE
<b>Cada unidade didáctica comeza cunha lectura e unha comprensión lectora do texto</b>		
<p><b>Unidade 1.</b> O dicionario. O alfabeto: letras e palabras. Textos literarios e non literarios. A comunicación. Son e fonema. Expresión oral: describe a un compañeiro de clase. Expresión escrita: escribe a <b>biografía</b> dun autor.</p>	<p><b>Unidade 5.</b> Palabras primitivas e derivadas. Poesía: a rima, a estrofa e o poema. A repetición e a aliteración. O pronome persoal. Pronomes tónicos e átonos. Os signos de puntuación. Signos de interrogación e exclamación. Recomenda e conta unha película ou un libro. <b>Entrevista</b> unha persoa.</p>	<p><b>Unidade 9.</b> Campos semánticos. A narración. As partes da narración. A fábula, o mito e a lenda. O verbo. Palabras con x e s. Contar unha lenda. Facer unha <b>recensión</b>.</p>
<p><b>Unidade 2.</b> Sinónimos e antónimos. Prosa e verso. O substantivo: clases, o número, a formación do plural. Regras xerais de acentuación. Recitar poesías; pintar versos: compón un <b>poema</b>.</p>	<p><b>Unidade 6.</b> As palabras simples e as palabras compostas. O comentario literario. O adverbio; as preposicións. As contraccións. Contar experiencias Pintar versos: compoñer un <b>poema</b> libre.</p>	<p><b>Unidade 10.</b> Formación dun substantivo. Definir un substantivo. Comentario literario. A personificación e a hipérbole. Texto, parágrafo, enunciado, frase e oración. Palabras con g, gu e gü. Recomendar e suxerir. <b>Caligramas</b>.</p>

<p><b>Unidade 3.</b> Palabras polisémicas. A poesía. A métrica e a medida dos versos. Tipos de versos. Os determinantes. Ditongo e hiato. Investigar a escena dun crime. Facer unha <b>enquisa</b>.</p>	<p><b>Unidade 7.</b> Familia de palabras e campo semántico. Narración I. As narracións populares e as narracións literarias. O conto e o relato curto. O verbo: persoa e número. Palabras con b e v. Locución dun <b>anuncio</b>. Facer publicidade dun oficio.</p>	<p><b>Unidade 11.</b> Formación do adxectivo. Como definir un adxectivo. O teatro. Escenas e anotacións, A oración: suxeito e predicado. Palabras con i e ll. Locución dun anuncio de radio. <b>Acrósticos</b>.</p>
<p><b>Unidade 4.</b> As palabras homónimas. Poesía. A rima, a estrofa, o poema. A repetición e a aliteración. O adxectivo. Os graos. O acento diacrítico. Explicar un xogo. Escribir un <b>correo electrónico</b>.</p>	<p><b>Unidade 8.</b> Lexemas e morfemas. Prefixos e sufixos. Elementos da narración. A novela. O verbo: o tempo e o modo. Palabras con h. Palabras con cc, ct, c, z e qu. Expresar desexos. <b>Narrar experiencias</b> en 1ª e 3ª persoa.</p>	<p><b>Unidade 12.</b> Formación do verbo. O verbo. Definir un verbo. O teatro: a comedia, a traxedia e o drama. A análise sintáctica. Palabras con za, zo, cio e cia. A representación. Escribir unha <b>carta</b> ao director.</p>

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Son os establecidos polo centro e recollidos na aplicación PROENS onde se reflicte a Programación didáctica da materia.

#### RELACIÓN ENTRE BLOQUES DE CONTIDO E O SEU PESO NA AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
<p>Escala de observación Rexistro anecdótico persoal Análise das producións do alumnado: monografías, resumos, traballos de aplicación e síntese, cadernos de clase, textos escritos... Intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevista, postas en común, asemblea... Probas específicas: exames, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios... Autoavaliación Coavaliación</p>

CELA de TARRIO  
CULLEREDO